

# BANDO

## LIMPEZA E SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO

Vilagarcía de Arousa, 12 de agosto de 2008.

Coa fin de mellorar a imaxe da cidade e de cumprir coas ordenanzas de salubridade e limpeza, esta Alcaldía

### FAI SABER:

Que a partir do día seguinte á data de promulgación deste Bando, tódolos veciños, hostaleiros e propietarios de postos ambulantes deberán cumprir, entre outras, as seguintes **normas de limpeza e recollida domiciliaria de lixo**:

- 1.- Os habitantes do termo municipal teñen a obriga de colaborar na limpeza deste, quedando totalmente prohibido realizar actos contrarios a dita limpeza e debendo denunciar aos axentes da autoridade as transgresións que observen.
- 2.- Prohíbese especialmente tirar á vía pública papeis e obxectos, baleirar depósitos de auga ou líquidos, verter lixo fóra dos vertedoiros municipais e, en xeral, todo o que atinxe á hixiene, limpeza, bos costumes e decoro en todo o termo municipal.
- 3.- Cada residuo deberá colocarse no interior do colector específico.
  - Envases de plástico, latas e bricks: nos colectores amarelos.
  - Papel e cartón: nos colectores azuis. Tanto o cartón coma o papel deberán depositarse debidamente pregados dentro dos colectores correspondentes.
  - Vidro: nos iglús verdes.
  - O resto do lixo será depositado en bolsas plásticas pechadas nos colectores normais verdes.

Todas aquelas persoas que introduzan bolsas de lixo sen separación previa nalgúns dos colectores de residuos específicos serán sancionadas.

- 4.- O horario de depósito do lixo é de 21 a 23 horas, incluídos sábados, quedando terminantemente prohibido depositar as bolsas fóra deste horario.
- 5.- O lixo deberá depositarse en bolsas pechadas. En caso de que o colector estea cheo, depositarase no máis próximo, evitando deste xeito que as bolsas queden fóra do mesmo, o que sería motivo de sanción.
- 6.- Advírtese que de non cumprir estas normas o Concello aplicará a lexislación vixente na materia, podendo ser sancionadas as infraccións cometidas por este concepto con multas de ata 1.500€.
- 7.- Os titulares das licenzas/autorizacións para a instalacións de postos de venda ambulante deberán mantelos nas condicións hixiénico-sanitarias e de ornato adecuadas, e deixar limpa a zona unha vez recollido o posto.
- 8.- Non depositar mobles, enseres e calquera outro tipo de residuo voluminoso na vía pública fóra dos días e horarios establecidos.
- 9.- Debe facerse un uso razoable do Punto Limpo e recorrer a el só nos casos estrictamente necesarios.
- 10.- Extremar a precaución respecto dos excrementos por parte dos donos dos cans.



Asdo. María Dolores García Giménez.  
Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vilagarcía de Arousa.